

Non obstante, e por causas sobrevidas, o prazo establecido resulta de difícil cumprimento debido o atraso no asinamento do acordo do Consello de Ministros do 24 de xullo de 2008, polo que se formalizan os criterios de distribución, así como a distribución resultante dos compromisos financeiros aprobados pola Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais para a realización de proxectos para o desenvolvemento do Plan de voluntariado, o cal xustifica a ampliación do devandito prazo.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non resulte derogado pola Lei 9/2007 citada, así como os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, a Lei 2/2007, de 28 de marzo e a Lei 12/2007, do 27 de xullo,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-

Ampliar o prazo ata o 15 de novembro de 2008 para xustificar o correspondente pagamento, previsto no artigo 11.1º da Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, con efectos exclusivos para o ano 2008.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

*Orde do 9 de outubro de 2008 pola que se amplía para o ano 2008 o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na do 28 de decembro de 2007 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.*

A Orde do 28 de decembro de 2007 (publicada no DOG nº 11, do 16 de xaneiro de 2008), contén as

bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de programas e actuacións presentados polos concellos e mancomunidades de municipios que desenvolvan proxectos de acción voluntaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 11.1º da citada orde establece que a data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente pagamento da subvención é o 15 de outubro de 2008.

Non obstante, e por causas sobrevidas, o prazo establecido resulta de difícil cumprimento debido ao atraso no asinamento do acordo do Consello de Ministros de 24 de xullo de 2008, polo que se formalizan os criterios de distribución, así como a distribución resultante dos compromisos financeiros aprobados pola Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais para a realización de proxectos para o desenvolvemento do Plan de Voluntariado, o cal xustifica a ampliación do devandito prazo.

De acordo co anterior, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non resulte derogado pola Lei 9/2007 citada, así como os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, a Lei 2/2007, de 28 de marzo e a Lei 12/2007, do 27 de xullo.

#### DISPOÑO:

Artigo único.-

Ampliar o prazo ata o 15 de novembro de 2008 para xustificar o correspondente pagamento, previsto no artigo 11.1º da Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, con efectos exclusivos para o ano 2008.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar